



| Guía Docente          |   |                    |                       |          |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                       | 2016/17  |
| Asignatura (*)        | Historia  | Código             | 613G03009             |          |
| Titulación            | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios   |                    |                       |          |
| Descritores           |   |                    |                       |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                  | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Primeiro           | Formación básica      | 6        |
| Idioma                | Galego  |                    |                       |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                       |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                       |          |
| Departamento          | Humanidades   |                    |                       |          |
| Coordinación          | Velasco Souto, Carlos Francisco   | Correo electrónico | carlos.velasco@udc.es |          |
| Profesorado           | Velasco Souto, Carlos Francisco   | Correo electrónico | carlos.velasco@udc.es |          |
| Web                   | www.udc.es/filo   |                    |                       |          |
| Descrición xeral      | Análise do discurso histórico como marco de referencia para os estudos lingüísticos e literarios. Comentario dalguns dos conceptos básicos no uso e a escritura da historia como a temporalidade, o espazo, suxeito, obxecto e evolución do discurso histórico. |                    |                       |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.   |
| A2                                  | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.   |
| A3                                  | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.   |
| A10                                 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.  |
| A11                                 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.   |
| B1                                  | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |
| B2                                  | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.   |
| B3                                  | Adquirir capacidade de autoformación.  |
| B4                                  | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.   |
| B5                                  | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |
| B6                                  | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |
| B7                                  | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |
| B8                                  | Apreciar a diversidade.  |
| B9                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |
| B10                                 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.  |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5                                  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |  |
|---|-------------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |  |
| Saber analizar e comentar textos e discursos históricos utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. | A2                                  |  |
| Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. | A10                                 |  |



|  |                |   |                      |
|--|----------------|---|----------------------|
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |                | B1  |                      |
| Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.   |                | B2  |                      |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |                | B5  |                      |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |                | B6  |                      |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |                | B7  |                      |
| Apreciar a diversidade.  |                | B8  |                      |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |                | B9  |                      |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.  |                | B10   |                      |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |                |   | C1                   |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |                |   | C4                   |
| Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |                |   | C5                   |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |                |   | C6                   |
| Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |                |   | C7                   |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |                |   | C8                   |
| Ter e saber aplicar os coñecementos básicos que permitan reflexionar sobre a disciplina histórica  | A2             | B3  | C4                   |
| Coñecer o uso que dos conceptos fundamentais tratados se ten feito polos propios historiadores   |                | B3  | C4                   |
| Coñecer a aportación da historia, a literatura e a memoria para a representación do pasado   | A2             | B1  | C1                   |
| Saber que os conceptos, as escrituras e a investigación histórica están en permanente construción.   | A2             | B1<br>B3  | C1<br>C6             |
| Utilizar os coñecementos e técnicas propias da historia no ámbito doutras disciplinas, nomeadamente as relacionadas coa linguaxe como a lingüística e a literatura.  | A1<br>A2<br>A3 | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C1<br>C4<br>C7<br>C8 |
| Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada  | A11            |   |                      |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| 1. Consideracións xerais acerca da Historia             | 1.1. Conceito de Historia<br>1.2. Obxecto e suxeito da Historia<br>1.3. Método e Teoría<br>1.4. O espazo e o tempo na Historia   |
| 2. O discurso histórico na Antigüidade                  | 2.1. Os precedentes de Exipto, Mesopotamia e outras altas culturas urbanas<br>2.2. Da historiografía grega ás interpretacións proféticas do cristianismo   |
| 3. Da teocracia medieval ao racionalismo da Ilustración | 3.1. A teoría das "tres ordes" do feudalismo<br>3.2. As crónicas medievais<br>3.3. A singularidade das historiografías non cristiás. Ibn Jaldun; a historiografía chinesa<br>3.4. A crítica renacentista<br>3.4. A racionalidade ilustrada |



|   |  |
|---|--|
| 4. Revolución francesa e liberalismo: o salto cara a construción da Historia como ciencia | 4.1. O nacemento da historiografía moderna.<br>4.2. Discurso histórico e nacionalización do pasado<br>4.3. As variantes do discurso histórico: liberalismo, romantismo, positivismo e historicismo alemán<br>4.4 A literatura histórica: literaturas nacionais e sistemas literarios<br>4.5 Alguns estudos de caso |
| 5. As multitudes na Historia  | 5.1. A renovación dos Annales e a Historia Económica<br>5.2. O materialismo histórico  |
| 6. A crise do discurso histórico nos finais do século XX.                                 | 6.1. A destrución da Historia como ciencia<br>6.2 A volta á narración e outras alternativas.   |

| Planificación           |                                       |   |                         |              |
|-------------------------|---------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas   | Competencias / Resultados             | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba obxectiva         | B1 B3 B5 B7 C1                        | 2                                       | 30                      | 32           |
| Recensión bilbiográfica | A2 A3 A10 B1 B3 B5 B6 B7 C1           | 0                                       | 25                      | 25           |
| Obradoiro               | A1 A2 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6  | 7                                       | 4                       | 11           |
| Lecturas                | A11 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9              | 0                                       | 38                      | 38           |
| Sesión maxistral        | B1 B5 B6 B7 B8 C7 C8                  | 21                                      | 0                       | 21           |
| Discusión dirixida      | A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C5 C6 | 14                                      | 7                       | 21           |
| Atención personalizada  |                                       | 2                                       | 0                       | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías            |  |
|-------------------------|--|
| Metodoloxías            | Descrición   |
| Proba obxectiva         | Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos teóricos estudados no curso e recollidos no temario da asignatura.   |
| Recensión bilbiográfica | Reseña dun libro indicado polo profesor. A recensión non supón un simple resumo da obra senon unha lectura profunda, un análise do seu contido e unha valoración crítica se proceder. A extensión non excederá das seis follas mecanografadas a tamaño 12 (descontada a capa).<br>No presente curso o libro a recensar será o seguinte: FONTANA, Josep (2013), El futuro es un país extraño: una reflexión sobre la crisis social de comienzos del siglo XXI. Barcelona, Ed. Pasado y Presente.  |
| Obradoiro               | Análise, comentario e debate dunha novela histórica en grupos reducidos. Deberán participar no debate todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas.<br>Os alumnos de segundo e terceiro curso con esta materia pendente, e sómente eles, poderán substituír a intervención na aula pola entrega de breves comentarios por escrito relacionados cos textos obxecto de debate.<br>Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo e dialogando con ele conforme a a un cronograma previamente combinado. |
| Lecturas                | Lectura por conta do alumno do material bibliográfico seleccionado e recomendado polo profesor. As tais lecturas estarán relacionadas coa materia do temario.  |
| Sesión maxistral        | Exposición oral a cargo do profesor, centrada nos contidos do programa da asignatura   |



|                    |   |
|--------------------|---|
| Discusión dirixida | <p>Debate na aula na base de materiais previamente distribuídos polo profesor e lidos polo alumno en horas non presenciais. O profesor orientará o debate. Deberán participar todos os alumnos sen excepción, o que implica a asistencia obrigatoria ás aulas interactivas.</p> <p>Os alumnos de segundo e terceiro curso con esta materia pendente, e somente eles, poderán substituír a participación na aula pola entrega de breves comentarios por escrito relacionados cos textos obxecto de debate.</p> <p>Os alumnos en situación de dispensa académica realizarán esta actividade no gabinete do profesor, debatendo e dialogando con ele conforme a un cronograma previamente combinado.</p> |
|--------------------|---|

### Atención personalizada

| Metodoloxías                                  | Descrición  |
|---|---|
| Recensión<br>bibliográfica<br>Proba obxectiva | <p>Na proba obxectiva o profesor deberá resolver as dúbidas que poda levantar a formulación das preguntas ou calquera cuestión relacionada coa materia obxecto de exame. Tamén deberá esclarecer a modalidade de exame a realizar e a correspondente valoración de cada pregunta.</p> <p>No caso da recensión, o profesor clarificará igualmente todas as dúbidas colocadas polo alumno a respecto da elaboración da mesma.</p> |

### Avaliación

| Metodoloxías               | Competencias / Resultados             | Descrición  | Cualificación |
|----------------------------|---------------------------------------|---|---------------|
| Discusión dirixida         | A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C5 C6 | Valorizárase a capacidade de argumentar e contrastar a opinión propia coa dos compañeiros e compañeiras da aula. Toda opinión deberá estar debidamente fundamentada, non emitida á toa. | 10            |
| Recensión<br>bibliográfica | A2 A3 A10 B1 B3 B5 B6 B7 C1           | Será obxecto de estimación a capacidade analítica, de comprensión e de síntese a respecto do material a recensar, ben como a claridade expositiva do discurso.                          | 40            |
| Proba obxectiva            | B1 B3 B5 B7 C1                        | Será avaliada a exposición realizada polo alumno consoante a criterios de articulación e coherencia expositiva e adecuación ás cuestións formuladas.                                    | 40            |
| Obradoiro                  | A1 A2 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6  | Apreciarase de modo especial a capacidade para traballar e debater en grupo e a receptividade para coas argumentacións dos demais.  | 10            |

### Observacións avaliación



1. Para superar a materia é obrigatorio: - Superar a proba obxectiva - Ter entregado en tempo e forma as actividades encargadas durante o curso. Caso da suma das cualificacións do conxunto das metodoloxías ultrapasar os cinco puntos sen se teren alcanzado un mínimo de dous na proba obxectiva, farase constar como cualificación final 4,9 implicando un suspenso na materia.
2. Serán avaliados os alumnos que asistiren à proba obxectiva e entregaren a recensión bibliográfica. Onde non, serán considerados como non presentados.
3. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán ser motivo de suspenso automático cando muito graves e reiteradas. En calquera caso suporán unha diminución da nota.
4. Os alumnos/as en situación de matrícula a tempo parcial ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes suxeitos á matrícula ordinaria, conforme ás variantes para eles establecidas no apartado das metodoloxías.
5. Na "segunda oportunidade" de xullo, serán avaliadas unicamente aquelas metodoloxías que nom tiverem sido superadas na primeira oportunidade, conservándose para as restantes metodoloxías as cualificacións obtidas en xuño.
6. Na "segunda oportunidade" de xullo, a avaliación das actividades interactivas correspondentes ás metodoloxías "Obradoiro" e "Discusión dirixida" será realizada sobre a base da presentación, por parte do alumno/a, de resumos ou comentarios das leituras obxecto de debate nas ditas actividades ao longo do curso.
7. Todos os alunos/as matriculados na materia (inclusive os que a tiveren pendente de cursos anteriores) deberán entregar obrigatoriamente una ficha con foto actualizada. Sen ela non serán admitidos para a proba obxectiva nen lles será corrixida a recensión.

#### Fontes de información

##### Bibliografía básica

- Fontana, Josep (1999). Introducción al estudio de la Historia. Barcelona, Crítica
- Fontana, Josep (1982). Historia. Análisis del pasado y proyecto social. Barcelona, Crítica
- Pagés, Pelai (1983). Introducción a la Historia. Barcelona, Barcanova
- Burrow, John (2007). Historia das Historias. Barcelona, Crítica



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Hernández Sandioca, E. (2004). Tendencias historiográficas actuales. Madrid, Akal</li> <li>- Carr, E. H. (2003). ¿Qué es la historia?. Barcelona, Ariel</li> <li>- Moradiellos, E. (2002). Las caras de Clío. Introducción a la historia. Madrid, Siglo XXI editores</li> <li>- Bermejo Barrera, J. C. (2000). Pensa-la Historia. Ensaio de Historia teórica. Vigo, Ir Indo</li> <li>- Velasco Souto, C. F. (2011). Discurso histórico e construción da identidade nacional. O caso da Galiza. <a href="http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudos/estudos.html">http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudos/estudos.html</a></li> <li>- Llorens, I. (1998). Nacionalismo y literatura. Constitución e institucionalización de la &amp;quot;república de las letras cubanas&amp;quot;. Universitat de Lleida</li> <li>- Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003). A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo. Concello de Pontevedra e Fundación Caixa Galicia</li> <li>- González -Stephan, B. (2002). Fundaciones: canon, historia y cultura nacional. La historiografía literaria del liberalismo hispanoamericano del siglo XIX.. París/Frankfort, Iberoamericana-Vervuert.</li> <li>- Salinas Portugal, F. (2003). Emerxencia literaria e construción nacional: o romance fundacional. A Tavares (Org.):Estudos Galego Brasileiros. Rio de Janeiro</li> <li>- Hobsbawm, E. e Ranger, T. (1984). A invenção de tradições. Rio de Janeiro, Paz e Terra</li> <li>- Ferreira da Cunha, C. M. (2002). A construción do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XIX.. Universidade do Minho. Centro de Estudos Humanísticos</li> <li>- Thiesse, A. M. (2010). La creación de las identidades nacionales. Madrid, Ezaro</li> <li>- Ainsa, F. (1997). Intervención literaria y &amp;quot;reconstrucción&amp;quot; histórica en la nueva narrativa latinoamericana.. K. Kohut (ed.): La invención del pasado. La novela histórica en el marco de la posmodernidad. Frankf</li> <li>- Casanova, P. (2001). La República mundial de las letras.. Barcelona, Anagrama</li> <li>- Thompson, J. (2009). As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galicia contemporánea.. Vigo, Galaxia</li> <li>- Vega, Mª J. (2003). Imperios de papel. Introducción a la crítica postcolonial. Barcelona, Crítica</li> <li>- Velasco Souto, C. F. (2011). Memoria histórica, identidade nacional e discurso literário na Galiza. Helena Rebelo (org.): Lusofonia. Tempo de reciprocidades. Porto, Ed. Afrontamento</li> </ul> |
|------------------------------------|--|

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

O profesor recomenda para un desenvolvemento satisfactorio da materia: - Seguemento puntual das clases - Realización das lecturas obrigatorias - Mantimento dunha actitude autocrítica co traballo realizado, sempre na procura dunha mellora constante - Recorrer ao profesor no momento en que ao alumno se lle presentaren dúbidas e problemas&nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías